



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A
CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA A
REALIZACIÓN DO PROXECTO “EN-RED-ARTE II”.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización do proxecto “En-Red-Arte II” (obradoiros de artes plásticas, de fotografía artística, de escritura creativa, de teatro, de música tradicional e popular, de danza contemporánea) que ten como fins proporcionar as persoas con discapacidade a posibilidade de vivir experiencias culturais que teña unha incidencia positiva no seu aprendizaxe e que lles permitan desenvolver a súa curiosidade, a formación do gusto, o seu sentido estético e crítico, así como contribuir ao desenvolvemento por parte das persoas con discapacidade do hábito de frecuentar actividades e eventos culturais, derrubar barreiras mentais, romper conceptos autolimitantes da actividade cultural e estimular a capacidade de superación persoal entre outras.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representan estas actividades culturais para as persoas con discapacidade residentes na Comunidade Autónoma Galega.

Por todo o anterior é a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 3 de maio de 2017

